

UD.4:IMPERIALISMO E I GUERRA MUNDIAL.

Alumno/a:Curso:.....

Completa o seguinte caderno ao ritmo indicado pola profesora. O caderno pode ser requerido para a súa corrección en calquera momento.

As tarefas teñen que facerse a bolígrafo azul ou negro e correxirse de maneira axeitada con bolígrafo vermello. Coida a presentación, a caligrafía e a ortografía.

IMPERIALISMO

1. En que se diferencian os conceptos de colonialismo e imperialismo?

2. **Le as seguintes fontes históricas. De que causas imperialistas falan os textos? Están a favor ou en contra do imperialismo?** (Olo! Cada texto pode argumentar varias causas!)

“Las razas superiores tienen un derecho sobre las razas inferiores, y también un deber sobre ellas: el deber de civilizarlas.

Yo creo que la política colonial de Francia está inspirada en una verdad: que una marina como la nuestra no puede pasearse por los mares sin sólidos refugios, defensas y centros de avituallamiento. Las naciones son grandes por las actividades que desarrollan.”

Discurso de Jules Ferry a la Cámara de diputados francesa (julio de 1885)

“Considerando que el desarrollo del capitalismo comporta fatalmente la expansión colonial, que es la causa de enfrentamientos entre gobiernos, que excita el chauvinismo e impone gastos militares, que no tiene otro propósito que el de ampliar los beneficios de la clase capitalista y que comete crímenes contra las razas indígenas conquistadas por la fuerza de las armas. La misión civilizadora de la que habla la sociedad capitalista es solo un pretexto para su explotación y conquista.”

Resolución de la II Internacional

3. Coa axuda dos seguintes documentos fai unha redacción sobre as consecuencias do imperialismo para as colonias e as metrópoles.

DOC 1.- Hai un segundo punto que debo igualmente abordar: é o lado humanitario e civilizador da cuestión. É preciso dicir abertamente que, en efecto, as razas superiores teñen un dereito con respecto ás razas inferiores porque existe un deber cara a elas. As razas superiores teñen o deber de civilizar ás razas inferiores.

Discurso de JULES FERRY (1885)

DOC 2.- Deixarán vostedes que outros distintos de nós se establezan en Tunisia, que outros que non sexamos nós se sitúen na desembocadura do río Vermello [Vietnam], que outros que non sexamos nós disputen as rexións da África ecuatorial? (...) Nesta Europa, nesta competencia de tantos rivais que medran arredor nosa, a política do recollemento ou da abstención non é outra que o camiño cara á decadencia.

Discurso de JULES FERRY (1885)

DOC 3.- A conquista da terra, que a meirande parte das veces significa roubar o territorio de seres de diferente cor ou de nariz máis aplanado có noso, non é unha cousa nada agradable cando se mira de preto.

JOSEPH CONRAD (1857-1924)

DOC 4.- O noso obxectivo ao conquistar a India, o obxecto de todas as nosas crueldades, non foi outro cós cartos... Dise que da India se obtiveron uns mil millóns de libras esterlinas nos últimos noventa 4 anos (1756-1846). Cada un destes xilins sacouse dun charco de sangue, limpouse a conciencia e foi parar ao peto dos asasinados. Porén, por moito que se limpe, esa "maldita mancha" non sairá xamais.

Sir C. NAPIER (1847)

DOC 5.- Cando soubemos que un home de pel branca viña polo Luaba, quedamos moi sorprendidos (...). “Daremos unha gran festa”, ordenei, “recibiremos solemnemente aos nosos irmáns e acompañáremoslos ao poboado (...)”. Puxémonos en marcha, a miña piragua diante para darlle a benvida. Pero ao achegarnos á súa embarcación- oíuse “paff!, paff!” e os paus de ferro cuspiron lume contra nós (...). Non chegaba un irmán, senón o peor dos inimigos que contemplou o noso país.

Relato do cacique MOJIMBA a un misioneiro (P. HERMANN: Audacia e heroísmo dos descubrimentos modernos)

DOC 6.- Nós comprobamos, bárbaros ingleses, que desenvolves unha natureza e costumes de lobo, saqueando e roubando bens pola forza (...). Viñestes ao noso país con espírito de lucro. Que sabedes de nós? A vosa ansia de ganancia semella a voracidade dos animais. Ignorades as nosas leis e as nosas institucións; nada sabedes de principios xustos (...). Máis aló da fortaleza dos vosos barcos, da violencia dos vosos fusís e da potencia dos vosos canóns, que outras cualidades tedes?

Panfleto dunha sociedade secreta chinesa (Cantón, 1856)

I GUERRA MUNDIAL

1. Que cronoloxía ten a I Guerra Mundial?

2. Cal foi o detonante da guerra? Por que este detonante conduxo a un conflito bélico mundial? Argumenta a resposta.

3. Completa o cadro cos principais países en conflito.

TRIPLE ALIANZA (Imperios Centrais)	TRIPLE ENTENTE

4. Como definirías de maneira completa a denominada “guerra de posicións”?

5. **Imaxina que vives en Europa en 1916 e levas un diario no que apuntas as túas vivencias na Gran Guerra. Redacta unha das páxinas do teu diario contando o que te acontece na guerra.**
Podes elixir o que prefiras: soldado nunha trincheira, enfermeira, avó dun soldado, muller que traballa nunha fábrica...

***Antes de redactor podes consultar os seguintes artigos que expoñen vivencias e avances da I Guerra Mundial para informarte e buscar “inspiración”:**

- As mulleres e a guerra: <https://www.revistacredencial.com/historia/temas/las-mujeres-durante-la-guerra-mundial>
- Avances tecnolóxicos: <http://esmateria.com/2014/05/03/avances-cientificos-tecnologicos-primera-guerra-mundial-imagenes/>
- A vida nas trincheiras: <https://historiasdelahistoria.com/2016/07/05/vivir-morir-leer-las-trinchera>

6. A medida que se desenvolvía a guerra a xente ía mostrando o seu descontento cara este conflito. Analiza a seguinte fonte histórica e responde ás seguintes cuestións elaborando unha pequena redacción (non tes que responder ás preguntas nesta orde, redacta as ideas de maneira axeitada): quen mostraba a oposición á guerra? En que elementos se materializa ou especifica este rexeitamento ao conflito? A oposición ía en aumento ou disminuía?

Tras los primeros momentos, se enfrió el entusiasmo y los movilizados acudían con la desesperación en el rostro, quizá con la única excepción de Alemania, donde una historia peculiarmente militarista pesaba sobre la población.

En Inglaterra la resistencia a las autoridades fue en aumento. Incluso antes de que se votase la ley de reclutamiento, los tribunales ya enviaban o la cárcel a un número creciente de personas a causa de la guerra. En agosto de 1915 fueron 15 trabajadores; en julio de 1916 el número se elevó a 772.

En Francia se procedió contra los sindicalistas: cuando alguno especialmente incómodo obtenía prórroga de incorporación por enfermedad, se le hacía acudir ante un tribunal de médicos militares aleccionados, que le declaraba útil y le enviaba al frente. (...) Desde 1917 en Italia se sucedieron las grandes manifestaciones pacifistas y la represión consiguiente, que produjo 1000 detenidos el 1 de mayo de aquel año. La protesta pública de las mujeres campesinas se agudizó con peticiones de paz y regreso de los maridos. En Turín, la represión policial produjo 50 muertos, 800 heridos y 1500 detenidos.

La resistencia masculina también era evidente. En 1917 hubo en Italia 49282 prófugos y 56286 desertores, cifras que fueron ya en aumento hasta el final de la guerra. (...) Así se produjo una oleada huelguística en 1917, que en Inglaterra pasó de los 276 000 huelguistas de 1916, a los 872 000 de 1917; en Francia, de 41 000 a 294 000; en Italia, de 136 000 a 170 000; y en Alemania, de 129 000 a 667 000. En Rusia, la situación fue más grave y el descontento llegó antes: ya en 1916 un millón de personas estaba en huelga.

7. Por que o 1917 se considera un ano decisivo na guerra? Agumenta ben a resposta.

8. Que eran os 14 puntos de Wilson? Especifica algún dos puntos que apoien o equilibrio internacional.

9. Elabora un texto dunhas 10 liñas no que expliques a fin da Gran Guerra. No texto teñen que aparecer con coherencia os seguintes conceptos (non ten que ser nesta orde):

1918	Armisticio	Gran Guerra	Tratado de Versalles	EEUU	Rusia
Desgaste	1917	Países da Entente	Guerra relámpago	Guerra de posicións	